

| | | |
|--|----------------------|----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Xeneralidades | I Versión 0 |

1. ANTECEDENTES

A Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar destaca a obriga dos estados de protexer e preservar o medio mariño polo que deberán tomar todas as medidas para previr, reducir e controlar a contaminación do medio mariño procedente de calquera fonte. Para estes efectos, promove que os estados utilicen os medios más viables dos que dispoñan e harmonicen as súas políticas ao respecto.

As numerosas actividades antropoxénicas asociadas ao litoral de Galicia xunto cun tráfico marítimo anual de máis de 40.000 buques en tránsito, dos que unha cifra superior aos 14.000 transportan nas súas adegas ou tanques sustancias ou mercadorías consideradas perigosas para o medio ambiente mariño, supoñen un risco potencial de contaminación das zonas costeiras tal e como desafortunadamente quedou demostrado en repetidas ocasións ao longo da historia na que Galicia ten sufrido diante das súas costas episodios gravísimos de contaminación mariña accidental procedente de buques de todo tipo, o que fai que esta sociedade sexa especialmente sensible ante estas situacóns. Neste contexto, a cidadanía debe contar coa seguridade de que se establecen os mecanismos necesarios para a protección dos bens con importancia socioeconómica e ambiental ante episodios de contaminación mariña accidental.

No ano 2003 elaborouse o Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan básico de continxencias por contaminación mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia, co fin de establecer un conxunto de normas e procedementos de actuación, así como definir órganos competentes que constitúan o sistema de resposta das administracións públicas fronte a unha situación de contaminación mariña por unha vertedura terramar nas rías de Galicia. A publicación do primeiro Plan de continxencias por contaminación mariña nas Rías de Galicia realizouse mediante a Orde do 26 de outubro de 2004.

No ano 2006 a Xunta de Galicia aprobou o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña de Galicia que inclúe e amplía o ámbito territorial do anterior á

| | | |
|--|----------------------|----------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Xeneralidades | I |

toda a costa de Galicia, polo que se viu a conveniencia de derrogar o primeiro Plan de continxencias por contaminación mariña nas rías de Galicia, así como o Decreto 438/2003. Este plan foi publicado por Resolución do 23 de abril de 2007, da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Na actualidade, o novo escenario normativo derivado da entrada en vigor do Protocolo OPRC-HNS 2000, e tendo en conta a experiencia acumulada así como os avances tecnolóxicos e melloras habidas na loita contra a contaminación mariña, fixeron necesaria a revisión do marco xeral de actuación a nivel autonómico ante un suceso de contaminación mariña accidental co obxecto de mellorar a eficacia na resposta. Con este fin a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 155/2012, do 5 de xullo, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (en adiante Plan CAMGAL) contido neste documento constitúe o instrumento mediante o que a Xunta de Galicia determina o protocolo de actuación dos distintos departamentos da Comunidade Autónoma que teñen competencia directa nas actuacións do mesmo, así como a actuación ou participación que a outras administracións lles corresponde neste tipo de sucesos.

O Plan CAMGAL incorpora o traballo conxunto dos departamentos involucrados na planificación e coordinación das actuacións a nivel territorial. Trátase de prever e ter recollido de modo escrito:

- as persoas e departamentos responsables,
- os medios materiais e humanos que se dispoñen,
- as zonas de actuación e a súa delimitación xeográfica,
- as funcións e os criterios de actuación.

En definitiva, trátase de que nunha situación de crise como é a derivada dun accidente que provoca contaminación mariña, todos e cada un dos axentes coñezan de antemán o seu papel e grado de participación.

| | | |
|---|----------------------|----------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Xeneralidades | I |

2. MARCO LEGAL

O Convenio internacional sobre cooperación, preparación e loita contra a contaminación por hidrocarburos de 1990 (OPRC 90), en vigor en España desde o 13 de maio de 1995, e o seu Protocolo sobre substancias nocivas e potencialmente perigosas (OPRC-HNS 2000), en vigor en España dende o 14 de xuño de 2007, teñen como obxectivo a cooperación internacional e a asistencia mutua en incidentes maiores de contaminación mariña, e o desenvolvemento e mantemento nos Estados Parte da adecuada capacidade de preparación e resposta a emergencias de contaminación mariña. Ambos os dous establecen a obriga de elaborar plans específicos de preparación e loita contra a contaminación nos que se teñan en conta as directrices elaboradas pola Organización Marítima Internacional. Para cumplir con estas obrigas a Administración estatal aprobou o Plan nacional de continxencias por contaminación mariña accidental segundo establece a Orde do Ministerio de Fomento de 23 de febreiro de 2001.

A Constitución Española habilita ás comunidades autónomas para establecer normas adicionais de protección do medio ambiente. A Comunidade Autónoma de Galicia asumiou, de acordo co dispuesto no Estatuto de Autonomía no artigo 27, número 30, a competencia exclusiva de establecer “normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23”. Así mesmo, no artigo 29, número 4, Galicia asumiou a competencia autonómica para a execución da lexislación do Estado na materia de “verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego”.

O Plan CAMGAL elabórase para cumplir coas directrices establecidas no Plan nacional de continxencias por contaminación mariña accidental aprobado pola Orde do Ministerio de Fomento de 23 de febreiro de 2001 e segundo o descrito no Decreto 155/2012, do 5 de xullo, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Comunidade Autónoma de Galicia. Este Plan é pois de obrigada redacción por parte da Comunidade

| | | |
|---|----------------------|----------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Xeneralidades | I |

Autónoma de Galicia, para incardinhar a súa actuación no Plan Nacional, tendo en conta o Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Fomento en materia de salvamento, loita contra a contaminación mariña e seguridade no ámbito pesqueiro.

Adicionalmente, desenvolveuse tendo en conta os convenios internacionais sobre protección do medio mariño e a normativa autonómica, nacional e comunitaria relacionada coa protección do mar, a protección do medio ambiente e a protección civil.

Igualmente, se tivo en conta a estrutura dos plans territoriais xa aprobados por outras comunidades autónomas e os documentos de desenvolvemento do Plan nacional de continxencias para a Comunidade Autónoma de Galicia elaborados polo Ministerio de Fomento, co fin de manter un formato uniforme e facilitar a súa integración no Plan Nacional.

No Anexo I.1 recóllese as normativas, convenios e regulacións a nivel internacional, comunitario, nacional e autonómico, que se tiveron en conta como referencia legal para a elaboración do Plan CAMGAL.

3. OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental do Plan CAMGAL é obter a máxima protección para as persoas, medio ambiente e os bens que resulten ou podan resultar afectados en calquera continxencia derivada dun episodio de contaminación mariña accidental.

Ademais deste obxectivo xeral, defínense como obxectivos específicos os seguintes:

1. Planificar e coordinar as actuacións a nivel territorial dos distintos medios capaces de realizar operacións de loita contra a contaminación mariña accidental, pertencentes ás diversas administracións, así como a institucións públicas e privadas.

| | | |
|--|----------------------|----------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Xeneralidades | I |

2. Potenciar a utilización axeitada e a mellora dos medios de loita contra a contaminación mariña accidental así como fomentar a capacitación de persoal especializado a nivel territorial.


Neste documento establecéñse un conxunto de normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta das administracións públicas fronte a un episodio de contaminación mariña accidental, que se produza ou afecte ao litoral da comunidade autónoma de Galicia.

4. ALCANCE

4.1. Alcance territorial:

O alcance territorial do Plan CAMGAL é o litoral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co fin de facilitar a coordinación entre os Plans nacional e territorial e de acordo cos documentos elaborados para o desenvolvemento do Plan nacional de continxencias para a Comunidade Autónoma de Galicia, establecéñse as seguintes zonas ao longo do litoral:



| | Ámbito | Límites |
|---------------|--|--|
| Zona 1 | Rías de Ribadeo, Foz, Viveiro, Barqueiro, e Ortigueira | Desde a liña marítima imaxinaria que divide Galicia e Asturias ata Punta dos Aguillóns |
| Zona 2 | Rías de Cedeira, Ferrol, Ares-Betanzos, e A Coruña | Desde Punta dos Aguillóns ata Punta Atalaia |
| Zona 3 | Rías de Corme-Laxe, Camariñas, Corcubión e Muros-Noia | Desde Punta Atalaia ata Cabo Corrubedo |
| Zona 4 | Ría de Arousa | Desde Cabo Corrubedo ata Punta Faxilda |
| Zona 5 | Rías de Pontevedra e Vigo | Desde Punta Faxilda ata Punta dos Picos |

| | | |
|--|----------------------|----------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Xeneralidades | I |

4.2. Alcance corporativo:

Os principais organismos e entidades involucrados na operatividade do Plan CAMGAL son:

- Xunta de Galicia:
 - . Consellería do Medio Rural e do Mar
 - . Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
 - . Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - . Consellería de Sanidade
 - . Consellería de Economía e Industria
 - . Consellería de Facenda
 - . Consellería de Traballo
- Delegación do Goberno en Galicia
- Ministerio de Fomento:
 - . Dirección General de Marina Mercante
 - . Puertos del Estado
- Ministerio de Medio Ambiente, Rural y Marino
- Corpos de orde e seguridade
- Concellos
- Servizos de Protección Civil, Servizos de Bombeiros e Servizos sanitarios de emerxencia
- Confrarías de Pescadores, organizáns do sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura
- Centro tecnológico del mar. Fundación CETMAR

| | | |
|---|----------------------|----------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Xeneralidades | I |

- Centros de investigación (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Instituto de Investigaciones Marinas de Vigo e Centros Oceanográficos de A Coruña e Vigo)